

A AELG reconece o labor de Mariví Villaverde

VI EDICIÓN ► A homenaxe de Os Bos e Xenerosos premia o seu "compromiso ético" coa cultura de Galicia

REDACCIÓN • SANTIAGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega celebra a sexta edición de Os Bos e Xenerosos, recoñecemento anual da figura dun escritor ou colectivo que, pola súa dilatada actividade de intervención social, contribuíse á difusión pública da nosa cultura. Con esta homenaxe, dedicada este ano a Mariví Villaverde, destácase, sobre todo, un compromiso ético coa cultura galega. Con esta sexta edición, que se celebrará o vindeiro sábado 28 de marzo no

Museo de Pobo Galego, preténdese "poñer de relevo a exemplar traxectoria de Mariví Villaverde, que representa desde o anonimato os exiliados/as represaliados/as cuxa memoria cómpre restaurar. Ao mesmo tempo é a xusta homenaxe aos colectivos que traballan na recuperación da Memoria Histórica", sinala a Asociación de Escritores nun comunicado.

As 12.30 horas terá lugar un acto musical a cargo do Grupo Instrumental Século XX, que in-

terpretará obras do compositor Paulino Pereiro. Pouco despois, ás 12:45, intervirá no acto Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG. Despois procederase á lectura da acta de concesión do premio, a cargo de Mercedes Queixas, secretaria da AELG.

A laudatio virá da man de Marga do Val e tras a entrega dunha placa conmemorativa á homenaxeada falará Mariví Villaverde.

Escritora, traductora, actriz de teatro, Mariví Villaverde é filla de Elpidio Villaverde, alcalde de Vilagarcía e deputado a Cortes en 1936. Ela e a súa familia sufreron a represión e o exilio. Foi en América onde escribiu o seu libro de memorias *Tres tiempos y la esperanza*, publicado por A Nosa Terra en 2002 na súa versión en galego. Mariví Villaverde é, na actualidade, membro do Consello da Memoria.